



DEPORTE
GALEGO

PROVINCIAL SPINNING MAR COSTA OURENSE E PONTEVEDRA.

6 – xuño – 2026

Esta competición desenvolverase conforme ao regulamento da F.G.P. e conforme ás normas vixentes en materia de pesca marítima que rexen na Comunidade Autónoma de Galicia para esta modalidade.

Lugar e Data:

Desenvolverase no cabo Udra (Bueu) o 6 de xuño de 2026.

Data alternativa: 13 de xuño de 2026.

Escenario: Haberá dúas zonas de pesca posibles, segundo as condicións do mar e o vento predominante.

O punto de encontro dos deportistas indicárase polo grupo de wassap que se creará para esta competición. Este punto decidírase de acordo á zona na que se decida pescar.

Asistencia Deportistas:

As inscricións faranse exclusivamente ao correo delegadopontevedra@fgpesca.org. A data linde de inscrición é o **28 de maio do 2026** as 12,00 h. Cada club poderá inscribir de maneira gratuíta tantos deportistas como lle correspondan polo número de tarxetas federativas tramitadas na tempada 2024. Non obstante teñen a posibilidade de facer inscricións de máis deportistas asumindo unha cota de inscrición de 25.- € por participante inscrito a maiores. Esa cota deberá ser ingresada na conta da F. G . P. número **ES34 2080 0176 9630 4001 0672**, no momento de facer a inscrición.

Os dous primeiros clasificados do provincial de Ourense e os 16 primeiros clasificados da clasificación de Pontevedra, obterán praza para participar no campionato autonómico da especialidade 2026.

Só terán opción de ascenso aqueles deportistas que acaden puntuación positiva (capturas).

ESTA PROBA DESENVOLVERASE DE HABER UNHA PARTICIPACIÓN DE COMA MÍNIMO 12 DEPORTISTAS



DEPORTE
GALEGO

BASES

Cada club/sociedade de pesca que inscriba a máis dun deportista deberá achegar un control. A ausencia de control fará que os deportistas dese club/sociedade de pesca non poidan participar na competición.

Xurado

A súa composición farase pública na xuntanza para o sorteo dos postos.

Mangas

Desenvolverase en 2 mangas de dúas horas cada unha delas.

Capturas

As pezas presentadas á pesaxe, inferiores en polo menos 1 cm. á medida mínima legal establecida pola Consellería do Mar, serán penalizadas descontando o seu peso do total obtido. Non serán admitidas como válidas as seguintes especies: muxo, congro e xarda.

Zona de pesca

A zona de pesca dividiranse en DOUS sectores. Na división entre cada sector establecerase un punto de reunión, de rexistro de entrada e saída de sector. Será tamén o punto de entrega de capturas. Cada sector acollerá os pescadores que resulten da división dos pescadores inscritos entre dous. Estes deberán estar separados entre eles un mínimo de 15 metros. Cada zona de pesca será vixiada por varios controis.

Medición e control das capturas

Os tamaños das pezas capturadas deberán cumprir o regulamento sobre tallas da Xunta de Galicia. A entrega das capturas realizarase no punto de entrega de capturas dentro de cada sector de pesca. A captura, una vez anotada e cuberta na plica do pescador, quedará ao cargo dos controis de tramo, debidamente identificada co nome do pescador. Non será contabilizada ningunha captura entregada fóra deste sistema.

Material Deportivo:

Canas: Nesta especialidade de Mar Costa autorízase ter unha cana en tarefa de pesca, podendo ter montada, de reserva, outra máis.



DEPORTE
GALEGO

Artificiais: Permitirase todos os tipos de reclamos artificiais de acordo coa normativa vixente.

PROGRAMA DO DÍA

06:30 horas: Chegada dos deportistas ao punto de encontro. Control individual da temperatura e sorteo de Sectores.

07:10 horas: Entrada aos Sectores.

07:30 horas: Inicio Primeira Manga.

09:30 horas: Fin Primeira Manga. Cambio de Sector

10:20 horas: Entrada aos Sectores

10:30 horas: Inicio Segunda Manga.

12:30 horas: Fin da Competición.

Media hora despois de exposta a clasificación provisional, de non haber reclamacións, esta pasará a ser definitiva.

CLASIFICACIONES.

1.- As puntuacións para clasificar os resultados serán, por asignación de **DOUS PUNTOS** por **GRAMO** do peso para as **robalizas**, e de **UN PUNTO** por **GRAMO** do peso para o **resto** de capturas válidas.

A) Clasificación por Sector

1.- Anotarase a puntuación individual de cada participante no seu Sector, ordenada de maior a menor e convertida en "**postos**" do Sector. Os postos serán ordenados de menor a maior.

2.- **Desempates no Sector.**- No caso de existir empate a puntos no Sector, resólvese o posto pola Peza Maior, e de persistir o empate, todos os deportistas empatados en puntos e en peza maior, terán o mesmo posto de Sector. O seguinte participante terá un número de posto desprazado en tantos enteiros como deportistas houberan empatado a puntos e á Peza Maior.

3.- **Ceros no Sector.**- Os participantes sen capturas válidas no seu Sector non puntúan no mesmo. O tratamento destes "Ceros" resólvese na Clasificación Individual por Manga.



DEPORTE
GALEGO

B). Clasificación por Manga

1.- Unha vez realizada a clasificación Individual por Sectores, obteranse tantos postos primeiros, segundos, terceiros, etc. de Sector como Sectores houbera na Manga. Seguidamente ordenaranse polo orde de maior puntuación todos os primeiros de Sector; a continuación todos os segundos, os terceiros, etc... **con capturas** válidas, ordenados de maior a menor. A continuación clasificaranse os deportistas sen capturas válidas ou “Ceros”. Esta relación, convertida a “**postos**” de menor a maior, conformaría a Clasificación Individual desa Manga en **postos**.

2.- **Desempates na Manga.**- Se nunha Manga, dous ou máis participantes de distintos Sectores houberan empatado en **posto** de Sector e en puntos-gramos, clasificarase antes quen teña a peza maior; de persistir o empate obterían idéntico posto clasificatorio na mesma. O seguinte deportista na clasificación da Manga tería un número de posto igual ao dos empatados, sumándolle tantos enteiros como o número de deportistas empatados.

3.- **Ceros na Manga.**- Proveñen dos Ceros nos Sectores da Manga. Unha vez clasificados todos os primeiros, segundos, terceiros, etc., dos deportistas **con capturas válidas** nos Sectores, a continuación relaciónanse os participantes que obtiveron cero no Sector e estes terán na Manga o posto obtido dividindo a suma dos postos clasificatorios “cero” entre o número de participantes con cero.

C). Clasificación Final

1.- Unha vez obtidas as Clasificacións Individuais por Manga, procederase a sumar os postos obtidos por cada participante en cada unha das Mangas, e estas sumas ordenaranse de menor a maior.

2.- Desempates na suma de postos das Mangas, no seu caso. Procederase atendendo por este orde os seguintes criterios:

- a) O participante que obtivera mellores postos nas Mangas.
- b) O participante que obteña máis puntos entre todas as Mangas.
- c) O participante que presente a peza maior.

NORMAS

1º O exercicio da pesca deberá realizarse sempre dende a beira, permitíndose a entrada na auga ata a cintura, sempre que non supoña risco para o deportista nin perturbe a acción de pesca doutros deportistas.

2º Ao sinal de fin da manga é obrigado desistir de inmediato na acción de pesca. Debendo retirar o aparello da auga e poñendo a cana en repouso.

4º As capturas presentadas á pesaxe estarán libres de area, argazo, restos de aparellos, auga o calquera outros corpos alleos ás capturas mesmas.



DEPORTE
GALEGO

6º Está totalmente prohibido botar calquera tipo de lixo ou vertedura contaminante ás augas ou ó entorno. Os deportistas deberán deixar o posto de pesca totalmente libre de lixo. A infracción a esta norma dará lugar á descualificación do deportista.

7º Queda terminantemente prohibido o consumo de tabaco no transcurso de tódalas competicións oficiais organizadas pola Federación Galega de Pesca e Casting, dende a entrada aos postos ata o final da proba, establecéndose as correspondentes sancións, se é o caso, para quen as incumpra.

8º Os deportistas asumirán a recollida, retirada ou doazón das súas propias capturas.

9º Para participar os deportistas deberán de estar en posesión das licenzas federativa e de pesca en vigor. Os clubs polos que compitan deberán de estar ao corrente das súas obrigas coa Federación Galega de Pesca e Casting.

10º Alterar ou entorpecer o normal desenvolvemento da proba será motivo de expulsión inmediata da mesma. Elevarase acta da competición ao Comité de Disciplina que, de ser o caso, actuará de oficio.

11º Inscribirse nesta competición significa aceptar ser incluído no grupo de wassap da mesma de solicitude previa de autorización.

Asdo. D. Víctor Ferrerio Fariña

Presidente Comité de Spinning da F.G.P.